



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PUBLICIDADE
EXTERIOR NO CONCELLO DE CARIÑO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do lexítimo exercicio da actividade publicitaria visible dende os espazos públicos de xeito que esta se desenvolva dentro do respecto e mellora dos valores da paisaxe urbana, do medio ambiente, do patrimonio histórico-artístico e natural, e en suma, da imaxe do municipio de Cariño.

A proliferación de valos, monopostes e outro tipo de soportes publicitarios de grande impacto visual e con grande incidencia na imaxe do contorno demanda da administración municipal a adopción de criterios para regular a instalación destes soportes dentro do termo municipal. Esta regulación debe posibilitar por unha banda a realización da actividade publicitaria e doutro a protección e mellora dos valores da paisaxe e medioambiente urbano.

As entidades locais, de conformidade co disposto no artigo 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderán intervir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos
- b) Sometemento a previa licenza e outros actos de control preventivo. (...)
- e) Ordes individuais consitutivas de mandato para a execución de un acto ou a prohibición do mesmo.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

**ARTIGO 1: FUNDAMENTO, OBXECTO E CONTIDO DA
ORDENANZA.**

1.-A presente ordenanza ten como obxecto regular as condicións ás que terán que someterse as instalacións e actividades de publicidade exterior, calquera que sexa o sistema utilizado para a transmisión da mensaxe publicitaria, coa finalidade de compatibilizar a actividade publicitaria coa protección e mellora da paisaxe urbana do Concello de Cariño.

2.- A efectos da presente Ordenanza, enténdese por publicidade toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, no exercicio de unha actividade comercial, artesanal ou profesional, co fin de promover directa ou indirectamente a contratación de mobles ou inmobles, servizos, dereitos e obrigas.

3.- Quedará sometida ás normas desta Ordenanza toda actividade publicitaria que empregue como vehículo transmisor da mensaxe medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención dos veciños de edificios nos que se realizara “buzoneo” publicitario así como de cantas persoas se atopen en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ou colectivos de transportes, e en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

Tamén quedarán sometidas as normas da presente Ordenanza os valos publicitarios, entendidos como tales os soportes estruturais de implantación estática susceptibles de albergar e transmitir mensaxes integradas na modalidade visual da publicidade exterior.

ARTIGO 2: ACTIVIDADES EXCLUÍDAS.

Non estarán suxeitas a esta Ordenanza:

a) As actividades que carezan de natureza publicitaria cando se efectúen na vía pública por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e promocionar os seus actos propios de carácter social, político, cultural de participación cidadá, de fomento de valores cívicos, de concienciación, sensibilización social e similares.

b) A actividade informativa do propio Concello.

c) As actividades realizadas durante as campañas electorais, que se axustarán ás disposicións previstas en materia electoral.

d) Os carteis ou rótulos que sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou ao servizo de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos a que as mesmas se adiquen, instaladas na fachada do edificio no que se desenvolva a súa actividade. Non obstante, para a súa instalación será necesario obter a preceptiva licenza ou no seu caso, comunicación previa.

e) Os carteis que se colocan nas obras en curso de execución coa finalidade de amosar a clase de obra de que se trata, os seus executores, materiais empregados, etc..., que se rexerán polo establecido na normativa urbanística.

ARTIGO 3: MEDIOS DE PUBLICIDADE NON AUTORIZADOS.

Prohíbese expresamente:

a) A colocación ou instalación de calquera soporte publicitario que pola súa forma, cor, debuxo ou inscricións poida ser confundido coas sinais regulamentarias de tráfico, impida a visibilidade ou produza deslumbramento nos condutores de vehículos e aos viandantes ou en lugares onde poida perxudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade do viandante.

b) Todo tipo de pintamas ou pictogramas na vía pública, tanto se se realizan sobre os seus elementos estruturais (calzada, beirarrúas, bordillos) como sobre o seu equipamento (árbores ou calquera outro elemento vexetal, farolas, pilares, mobiliario urbano).

c) A fixación de publicidade mediante carteis, pegatinas, etiquetas, etc... sobre espazos ou elementos de dominio público ou de titularidade municipal, agás nos lugares expresamente reservados para este fin polo Concello ou a que se realice con ocasión de acontecementos e programas de tipo cultural, deportivo e outros de singular importancia así como para actuacións de patrocinio, logo da autorización do Concello.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

- d) A publicidade en calquera tipo do vehículo ou remolque, en circulación ou estacionado. Naqueles vehículos que pertencen a actividades económicas poderá figurar un elemento de identificación, nome e/ou logotipo da razón social da empresa ou do seu titular ou da marca comercial do produto.
- e) A utilización de medios publicitarios sonoros.
- f) O reparto ou entrega na vía pública de folletos, anuncios, pegatinas ou calquera outra clase de produto publicitario está condicionado ao establecido na presente Ordenanza.
- g) Nas áreas incluídas en planes especiais, catálogos de bens e espazos protexidos, dotacións ou servizos públicos, de conformidade co regulado na normativa urbanística vixente, agás nas condicións e cos requisitos que nos mencionados instrumentos de ordenación se establezan.
- h) Nas zonas que conteñan masas arbóreas, prohibense todas as actividades publicitarias.
- i) Nos lugares que limiten directamente as luces e vistas dos ocupantes de algún inmovible.
- j) As que impidan ou dificulten a accesibilidade ao interior dos edificios.
- k) Naquelas zonas ou espazos que a lexislación vixente determine expresamente a súa prohibición.

TÍTULO II: CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES PUBLICITARIOS.

ARTIGO 4: CARACTERÍSTICAS DOS SOPORTES PUBLICITARIOS.

1.- Os deseños e contrucións dos soportes publicitarios, os seus elementos e estruturas de sustentación, así como no seu conxunto, deberán reunir as suficientes condicións de seguridade e calidade, ademais de contribuír ao ornato público.

ARTIGO 5: EMPRAZAMENTO DOS SOPORTES PUBLICITARIOS

1.- A superficie publicitaria autorizable en cada empraçamento virá definida en función do tipo de soporte, lugar de ubicación e tipoloxía zonal.

2.- As unidades de cartelera comporán un cuadrilátero cuxas dimensións totais, incluídos os marcos, non poderán exceder de 8,30 metros de lonxitude nin de 3,30 metros de altura, sendo a anchura do marco inferior a 15 cm.

3.- Non se permitirá a fijación de carteis ou a execución de inscricións ou debuxos directamente sobre edificios, muros ou outros elementos similares, sendo necesaria en todo caso a utilización de soportes externos.

4.- A efectos de medición de alturas, ésta realizarase dende a rasante da beirarrúa ou terreo. No caso de vías con pendiente mediarase dende o punto medio do soporte publicitario.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ARTIGO 6: RÉXIME

1.- Nas zonas protexidas non se poderán instalar valos publicitarios.

2.- No solo urbano permitiranse a instalación de valos publicitarios:

- a) Nos valados de obras en edificios de nova planta mentres se atopen en construción e durante o período de vixencia da respectiva licenza de obras.
- b) Nos valados de calquera tipo de obra.
- c) Nas obras de restauración total ou parcial de fachadas.
- d) Nos soares que se atopen dotados de pechamento.
- e) Nos pechamentos de locais comerciais desocupados e situados na planta baixa.

3.- No solo de núcleo rural, a instalación de valos publicitarios poderá realizarse sobre o propio terreo sempre que a súa instalación non vaia en contra das determinacións de protección, integración paisaxística, e de adaptación ao medio ambiente establecidas na lexislación urbanística.

4.- No solo urbanizable e rústico non se poderán instalar valos publicitarios.

5.- Non poderá instalarse valos publicitarios en solos ordenados como sistemas xerais, zonas verdes, espazos libres públicos, viais, bens catalogados, equipamentos comunitarios, espazos naturais protexidos e as súas zonas periféricas de protección.

TÍTULO III: PUBLICIDADE SOBRE SOPORTES SITUADOS EN SOLO DE TITULARIDADE PÚBLICA.

ARTIGO 7: MODALIDADES

1.- Toda publicidade que utilice soportes situados ou que voen sobre solo de titularidade pública, así como as instalacións publicitarias sobre soportes de mobiliario urbano serán obxecto da correspondente autorización por parte do Concello, e rexeráanse polas condicións esixidas polo Concello no documento de autorización.

2.- Con carácter excepcional, a utilización dos báculos do alumado público como soporte de publicidade, será autorizable durante as campañas electorais, axustándose ao disposto na lexislación electoral.

3.- Os carteis indicativos ou de sinalización direccional en solo de titularidade pública que conteñan mención de marcas, distintivos, logotipos ou nomes de establecementos só serán autorizables polo Concello mediante previo expediente de licitación para outorgamento de concesión ou licenza de uso privativo de dominio público. Non poderán autorizarse as sinais de circulación ou rótulos viarios para incluír ningún tipo de mensaxe publicitaria.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

TÍTULO IV: PUBLICIDADE MEDIANTE CARTELERAS OU VALOS PUBLICITARIOS.

ARTIGO 8: DEFINICIÓN

Considérase cartelera ou valo publicitario aquel elemento físico de materiais consistentes e duradeiros de figura regular, dotado de marco e destinado á sucesiva colocación de carteis ou adhesivos, normalmente de contido variable no tempo.

ARTIGO 9: LIMITACIÓNS

1.- Poderán instalarse carteleras, sempre que se cumpran as seguintes limitación particulares:

a) Os deseños e contrucións dos soportes publicitarios, os seus elementos e estruturas de sustentación, así como no seu conxunto, deberán reunir as suficientes condicións de seguridade e calidade, ademais de contribuír ao ornato público.

b) Non se autorizarán as carteleras ou valos publicitarios cando perxudiquen a visión, iluminación ou ventilación dos ocos das vivendas ou locais próximos ao lugar onde se sitúen.

c) O propietario da instalación publicitaria terá que mantela en perfecto estado de seguridade e conservación, durante todo o tempo en que aquela se atope colocada.

d) As licenzas concedidas determinarán o prazo de duración da instalación publicitaria, que en ningún caso será superior a catro anos.

2.- Nas valas ubicadas en solares, a publicidade realizarase mediante carteleras, debendo respectar, en todo caso, as seguintes condicións:

a) No solar non poderá desenvolverse actividades de ningunha clase, nin siquera publicitarias.

b) O solar deberá estar limpo.

c) As carteleras situaranse sobre o valado e non poderán sobresaír do plano.

d) Os elementos de soporte e estruturais das carteleras deberán ofrecer a resistencia e seguridade necesarias para evitar o volco ou a caída dos seus elementos na vía pública.

e) A súa duración non poderá ser superior a catro anos.

TÍTULO V: PUBLICIDADE MEDIANTE CARTEIS E ADHESIVOS.

ARTIGO 10: DEFINICIÓN

1.- Considérase cartel o soporte publicitario no cal a mensaxe se materializa mediante calquera sistema de reprodución gráfica sobre papel, cartulina, cartón ou outras materias de escasa consistencia e de corta duración o cal precisa un elemento físico de apoio para a súa exposición.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

2.- Considérase adhesivo o cartel autoadhesivo de dimensións reducidas.

ARTIGO 11: LIMITACIÓNS PARTICULARES

1. Só poderá admitirse a publicidade mediante carteis ou adhesivos nos espazos públicos reservados para esta finalidade.

2.- Exclúese desta limitación a publicidade de carácter electoral, cuxa ubicación está regulada pola normativa en materia electoral.

TITULO VI: PUBLICIDADE MEDIANTE RÓTULOS

ARTIGO 12: DEFINICIÓN

Considérase rótulo, o soporte no cal a mensaxe publicitaria, con independencia da forma de expresión gráfica –letras ou signos- patentízase mediante materiais duradeiros dotados de corporeidade que producen ou poidan producir efectos de relieve.

Estes soportes poderán dispoñer de luz propia ou estar iluminados.

ARTIGO 13: LIMITACIÓNS PARTICULARES

1.- Poderán instalarse rótulos, sempre que se cumprian as seguintes limitacións particulares:

a) O contido dos rótulos deberán estar relacionados co establecemento, a razón social do titular, a actividade comercial, profesional ou de calquera outro aspecto que se desenvolva nel.

b) Os rótulos manteráanse en bo estado de aparencia e de conservación.

c) O propietario dos rótulos que posúan luz propia ou estean iluminados, deberá adoptar as medidas oportunas para que non produzan efectos de parpadeo ou destellos, nin produzan molestias aos veciños da zoa.

d) A instalación dos rótulos estará suxeita a licenza ou autorización municipal.

2.- Nos ocios arquitectónicos das fachadas dos edificios, os rótulos non restrinxirán, diminuírán ou perxudicarán os accesos aos locais do edificio e non se situarán en ocios que teñan por finalidade a ventilación e/ou iluminación de vivendas situadas nesa planta.

3.- Nos pavimentos das fachadas, soamente se admitirán rótulos constituídos por letras e signos recortados, sen fondo ou sobre fondo transparente, dispostos preferentemente en aqueles espazos especificamente proxectados e deseñados para situar os rótulos dos locais que se instalen.

4.- Nas fachadas de edificios con salintes á vía pública ou que posúan marquesinas, a instalación de rótulos axustarase ás limitacións particulares establecidas no apartado 1 do presente artigo, sendo necesario que o



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

interesado acompañe na súa solicitude de autorización un croquis ou esquema do que

pretende instalar, con indicación das dimensións e sistema de anclaxe. Poderá esixirse proxecto cando polas dimensións ou peso do rótulo a instalar se considere convinte aos efectos de garantir a seguridade das persoas e bens.

5.- Nos interiores de solares non se autorizará a instalación de rótulos.

6.- En vallas definitivas de fincas, autorizaráse rótulos de todo tipo e deberá contemplar a súa instalación as limitación particulares do apartado 1 do presente artigo.

7.- Nas vallas de protección de obra, soamente se admitirán rótulos que indiquen a razón e datos da obra a realizar. Ditos rótulos deberán ser retirados no momento de remate da obra.

8.- Nas vías e espazos públicos, poderán autorizarse rótulos con carácter excepcional cando teñan por finalidade o sinalizar a existencia ou os accesos a servizos públicos da Administración en todos os niveis e, cando resulten imprescindibles, en establecementos privados destinados a aparcamentos, farmacias, clínicas, dispensarios ou establecementos similares.

Calquera outro elemento que conteña publicidade sobre a vía pública regularáse a través da súa normativa específica correspondiente.

TITULO VII: PUBLICIDADE MEDIANTE BANDEIRAS, BANDEROLAS, PANCARTAS E LONAS.

ARTIGO 14: DEFINICION

Son aqueles soportes publicitarios nos que a mensaxe se plasma sobre tela ou material de escasa consistencia e duración, presentándose normalmente unido polos extremos dun pilar colocado ao efecto ou ben a elementos saíntes da edificación ou do mobiliario urbano.

ARTIGO 15: PECULIARIDADES

As bandeiras representativas dos diferentes países, estados, estamentos oficiais, organismos públicos nacionais ou internacionais, partidos políticos, asociacións, colexios profesionais, centros culturais, clubs recreativos e deportivos e similares non se considerarán como publicidade, e en consecuencia, non se someterán á presente Ordenanza.

ARTIGO 16: LIMITACIÓNS PARTICULARES

1.- Poderán instalarse este tipo de soportes publicitarios, sempre que se cumpren as seguintes limitacións particulares:

a) A mensaxe publicitaria terá que corresponderse coa difusión das actividades que, con carácter circunstancial, periódico ou estacional, se desenvolvan no núcleo urbano.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

b) A colocación dos soportes publicitarios estarán suxeitos ao outorgamento de licenza e na mesma faráse constar o prazo expreso que se lle

outorga para desenvolver dita actividade publicitaria, debido ao seu carácter circunstancial.

c) A instalación destes soportes publicitarios terán a solidez necesaria para evitar desprendementos e caídas dos mesmos.

d) A instalación deste tipo de soportes publicitarios non poden perxudicar o arbolado nin outros elementos de mobiliario urbano, como tampouco perxudicar a libre circulación de persoas e vehículos polas vías urbanas.

e) Os responsables da instalación destes soportes publicitarios deberán adoptar as medidas oportunas para que os mesmos se atopen en perfecto estado de conservación, mantemento e limpeza.

2.- Nas paredes medianeiras dos edificios non se autorizarán en ningún caso esta clase de soportes publicitarios.

3.- Nas vallas de solares, admitirase este tipo de soporte de publicidade e estará sometido ás mesmas restricións establecidas no artigo 9.2 da presente Ordenanza.

4.- Na vía pública, autorízase a instalación de ditos soportes publicitarios sempre que se cumpran as limitacións establecidas no apartado 1 do presente artigo.

5.- Nos elementos do mobiliario urbano, autorízase a instalación de ditos soportes publicitarios sempre que se cumpran as limitacións establecidas no apartado 1 do presente artigo.

TITULO VIII: REPARTO INDIVIDUALIZADO DE PROPAGANDA ESCRITA, DE MOSTRAS E OBXECTOS.

ARTIGO 17: DEFINICIÓN.

Considérase reparto individualizado de propaganda escrita, de mostrase e obxectos, a difusión da mensaxe publicitaria a través do reparto manual e individualizado na vía pública, ou directamente, de forma domiciliaria, de octavillas ou similares, ou ben de obxectos ou mostrase de produtos, de forma gratuíta.

ARTIGO 18: PARTICULARIDADES

Só poderán exercer esta actividade, as empresas de distribución de material publicitario debidamente legalizadas e autorizadas.

ARTIGO 19: LIMITACIÓN PARTICULARES.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

1.- A actividade de reparto individualizado de propaganda, poderá realizarse sempre que se cumpiran as seguintes limitacións particulares:

a) Cando a actividade consista en introducir a propaganda no interior dos buzóns dos veciños e/ou nos espazos que estes ou as comunidades de

propietarios dispuxeran para a súa colocación: queda prohibido expresamente deixar a citada publicidade no solo dos vestíbulos das vivendas, nas entradas dos inmobles o unas beirarrúas.

b) Para garantir un adecuado servizo e evitar molestias aos veciños, o material publicitario obxecto de distribución estará dobrado adecuadamente tendo en conta o tamaño máis habitual da boca dos buzóns.

c) Respecto á vía pública, o reparto de publicidade queda prohibido agás nos supostos moi excepcionais e previa autorización municipal motivada. As empresas autorizadas para exercer a actividade publicitaria na vía pública, deberán adoptar as medidas oportunas para que unha vez concluído o reparto non queden depositados na vía pública restos da publicidade repartida.

d) O material publicitario que sexa repartido deberá levar en lugar visible a identificación da empresa distribuidora.

2.- Os veciños poderán detallar ou indicar nos seus buzóns ou nos lugares previstos para o depósito, o seu desexo de non recibir este tipo de publicidade. As empresas distribuidoras que incumpran a vontade manifestadas polos veciños, serán obxecto de sanción.

TITULO IX: DAS LICENZAS E CONCESIÓNS

ARTIGO 20: NECESIDADE DE LICENZA

1.- Será necesaria a obtención da previa licenza municipal para o desenvolvemento de actividades publicitarias reguladas nesta Ordenanza.

2.- Non precisarán licenza municipal as situacións que a continuación se determinan:

a) As placas e escudos indicativos de dependencias públicas, centros sanitarios, actividades profesionais e similares colocadas sobre portas de acceso ou cerca delas.

b) As bandeiras, banderolas, estandartes e elementos similares representativos de diferentes organismos oficiais, centros culturais, deportivos, políticos, colexios profesionais e centros con actividades similares.

c) Os anuncios colocados no interior das portas, vitrinas ou escaparates de establecementos comerciais relacionados directamente coa información sobre a actividade que se desenvolve nos mesmos.

d) Os que se limiten a indicar as situacións de venda ou alquiler de inmobles.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ARTIGO 21: REQUISITOS PARA A PETICIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DE LICENZAS.

As licenzas outorgaríanse de acordo co seguinte procedemento:

1) Solicitaríanse polas persoas naturais ou xurídicas que desexen realizar a propaganda das súas propias actividades nos bens que posúan.

2) A solicitude terá que ir acompañada de:

-Declaración do tipo de actividade publicitaria e soporte a utilizar.

-Prazo ou tempo de duración da actividade publicitaria que se pretende realizar.

-A documentación fotográfica, gráfico e/ou escrita que exprese claramente o emprazamento e o lugar de colocación da actividade publicitaria, con indicación do entorno dentro do cal se implanta, o tamaño, forma, materiais, cores e outras características do soporte publicitario, así como o contido da mensaxe ou información que se pretende difundir.

-Se se trata de carteleras, deberáse acompañar plano de emplazamento, croquis das características da instalación e, no seu caso, das fotografías do lugar e entorno onde se queren instalar os soportes publicitarios que demostren que a instalación non impide as perspectivas urbanas ou paisaxísticas tradicionais da zona.

-Declaración de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornato.

3) As solicitudes formularíanse no impreso oficial correspondente dirixido á Alcaldía e asinadas polo interesado ou persoa que legalmente o respresente, e acompañada da documentación á que se refire o parágrafo anterior.

4) As licenzas serán outorgadas mediante resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue, previo informe dos servizos técnicos municipais.

5) Non se poderán conceder en precario, licenzas para actividades publicitarias ou informativas en situacións non autorizadas expresamente por esta Ordenanza ou disconformes cos seus preceptos.

ARTIGO 22: SEGUROS E FIANZAS

1.- O Concello poderá esixir, para a concesión das licenzas das instalacións publicitarias, que a xuízo dos Servizos Técnicos presenten algún risco ou perigo, a formalización previa de un seguro de responsabilidade civil suficiente que cubra os danos que poidan ocasionar a terceiros, e con unha duración que coincida coa actividade que se desenvolverá.

2.- Asemesmo, o Concello poderá esixir o depósito de unha fianza ou aval que garantice a reposición dos elementos da urbanización que ao parecer dos Servizos Técnicos poidan quedar afectados, ou ben para cubrir os custos de limpeza subsidiaria da vía e espazos públicos, cando se trate de determinadas actividades publicitarias que poidan causar deterioro.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

3.- A cancelación do seguro e/ou fianza efectuarase unha vez rematada a actividade e retirados completamente todos os elementos e comprobada a existencia de danos e/ou prexuízos posibles.

ARTIGO 23: ORDES DE EXECUCIÓN E ACTUACIÓN SUBSIDIARIA.

1.- As ordes de desmantelamiento ou retirada de carteis, rótulos e outras instalacións similares deberán ser cumpridas pola empresa publicitaria no prazo máximo de cuarenta e oito horas.

2.- No caso de incumprimento, o Concello, a través do procedemento legalmente establecido, procederá á súa retirada a costa das empresas afectadas, as que deberán pagar os gastos correspondentes á execución subsidiaria, sen prexuízo do determinado na resolución do expediente sancionador que se incoe.

3.- As instalacións publicitarias sen licenza ou concesión que se atopen ubicadas en terreos de dominio público municipal poderán ser retiradas polo Concello de forma directa e sen necesidade de requirimento previo ao responsable da instalación. Os gastos que se xeneren pola retirada de ditas instalacións publicitarias repercutiránse ao interesado e/ou propietario das mesmas, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador.

TITULO X: RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 24: RÉXIME SANCIONADOR.

1.- Constitúen infraccións á presente ordenanza as actuacións e omisións que se tipifican nos artigos seguintes.

2.- A comisión de unha infracción será obxecto da correspondente sanción administrativa, previa instrución do oportuno expediente sancionador.

ARTIGO 25: PERSOAS RESPONSABLES

Das infraccións previstas nesta Ordenanza serán responsables solidariamente:

a) A empresa publicitaria ou de distribución comercial publicitaria, ou ben a persoa física ou xurídica que ralice o acto publicitario.

1.- Son persoas responsables das infraccións cometidas as empresas publicitarias ou a persoa física ou xurídica que realice o acto publicitario.

2.- O propietario do terreo, inmovible ou concesionario da instalación onde se fixaran os anuncios.

ARTIGO 26: INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS ANÓNIMAS.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

1.- Cando a instalación publicitaria carecera da identificación dos propietarios da mesma ou non correspondan cos que figuren nos expedientes ou nos arquivos municipais, será considerada como uha instalación publicitaria anónima.

2.- Na carteleira carente de titular, a responsabilidade será subsidiaria da firma anunciada.

3.- Sen prexuízo das sancións que poidan impoñerse, o órgano municipal competente poderá dispoñer, no momento no que teña coñecemento

da súa colocación, da desmontaxe de aquelas carteleras cuxa instalación resulte anónima, previa audiencia á empresa ou firma anunciada.

ARTIGO 27: INFRACCIÓNS.

1.- Considéranse muy graves as infraccións en materia de publicidade exterior que afecten a solos ordenados como sistemas xerais, zonas verdes, espazos libres públicos, viais, bens catalogados, equipamentos comunitarios, espazos naturais protexidos e as súas zonas periféricas de protección, así como aquela en materia de distribución de publicidade comercial que se leve a cabo coa expresa prohibición de propietarios e titulares de edificios e/ou buzóns. Así mesmo, considérase infracción moi grave a reincidencia en faltas graves.

2.- Considéranse como infraccións graves:

a) Exercer a actividade publicitaria sen a preceptiva licenza ou concesión municipal.

b) Exercer as actividades publicitarias, que polo seu obxectivo, forma ou contido, sexan contrarias ás leis.

c) Non estar legalmente constituída a empresa publicitaria.

d) A colocación ou instalación de calquera soporte publicitario que poida ser confundido coa sinais regulamentarias de tráfico, impida a visibilidade ou produza deslumbramento nos condutores dos vehículos.

e) Instalar soportes publicitarios en lugares expresamente prohibidos.

f) Instalar soportes publicitarios en edificios catalogados ou de especial protección conforme ás disposicións de carácter urbanístico.

g) A instalación de estruturas ou soportes publicitarios que limiten as luces, as vistas dos inmobles ou dificulten o acceso aos edificios.

h) O incumprimento do deber de manter as instalacións publicitarias e os seus recintos en perfecto estado de seguridade, salubridade e conservación.

i) Instalar soportes ou mobiliario publicitario que non cumpra as determinacións da licenza, autorización ou concesión administrativa outorgada.

j) A colocación de carteis ou adhesivos en lugares non autorizados para esta finalidade.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

k) A instalación de soportes, mobiliario e luminosos publicitarios que polas súas características propias poidan producir molestias aos veciños da zona ou viandantes.

l) O producir danos ao arbolado, zonas verdes e/ou ao mobiliario urbano como consecuencia da instalación de calquera tipo de soporte publicitario.

ñ) Deixar publicidade no solo dos portais de edificios públicos e privados, en vías públicas, ou lugar distinto ao establecido polos propietarios do edificio.

o) A colocación ou o reparto de material publicitario sen que conste a identificación da empresa distribuidora no mesmo, agás nos supostos expresamente autorizados previstos na ordenanza.

p) O exercicio da actividade publicitaria que provoque ou xenere o depósito na vía pública de restos da publicidade repartida.

q) A desobediencia ao requirimento municipal de retirada das instalacións publicitarias.

r) Calquera outro incumprimento das limitación de orde xeral e particular establecidas na presente Ordenanza e non contempladas nos apartados anteriores.

3.- Considéranse infraccións leves as demais non calificadas como graves ou moi graves.

ARTIGO 28: CONTÍA DAS MULTAS

1.- A contía das multas con que se sancionan as infraccións cometidas serán as seguintes:

A) As infraccións moi graves sancionaránse con multa de 6.000 a 12.000 euros, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

B) As infraccións graves se sancionarán con multas de entre 301 a 600 euros, podendo levar conxunta a retirada de licenza ou autorización para a actividade publicitaria e instalación de soportes exteriores.

Asemesmo, poderáse adoptar, como medida cautelar a suspensión de licenza ou autorización de forma provisional, durante o cal non poderá exercerse a actividade nos termos que fixe a medida cautelar.

C) As infraccións leves sancionaránse con multas dende 30 a 300 euros.

2.- A determinación da natureza da sanción, a contía da multa e o grao da mesma realizarase de acordo coa concurrencia ou non dalgunha das seguintes circunstancias:

a) A negligencia ou intencionalidade do infractor.

b) Os danos e/ou prexuízos ocasionados pola realización da actividade non autorizada.

c) A reincidencia, por comisión no prazo de un ano da máis de unha infracción da mesma natureza.



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

d) Outras circunstancias apreciadas polo órgano instructor.

ARTIGO 29: PRESCRICIÓN E CADUCIDADE

1.- As infracción da presente Ordenanza prescribirán aos tres anos as moi graves, aos dous anos as graves e as leves aos seis meses.

2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

3.- Os prazos anteriores computaránse de data a data, contados a partir do día seguinte ao da comisión da infracción ou da imposición da sanción.

4.- Se transcorreran seis meses dende a iniciación do procedemento sancionador sen recaer resolución expresa e definitiva, iniciaráse o prazo de trinta días para a caducidade do expediente e arquivo das actuacións. Estes

prazos interromperánse nos supostos polos que o procedemento se paralizara por causa imputable ás persoas interesadas ou que os feitos pasaran á xurisdición penal.

ARTIGO 30: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador que deberá seguirse, respectando en todo caso o principio de audiencia aos interesados, terá en conta as circunstancias que poden agravar ou atenuar a responsabilidade e as regras para a aplicación das sancións contidas na lexislación de procedemento administrativo.

DISPOSICION ADICIONAL

Nos aspectos tributarios, a publicidade regulada na presente Ordenanza axustaráse ao previsto nas Ordenanzas fiscais correspondentes.

DISPOSICIÓN FINAL

Aprobada definitivamente a presente Ordenanza, entrará en vigor aos 15 días hábiles seguintes á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cariño, 23 de agosto de 2018
O alcalde

José M. Alonso Pumar